

ACTA NÚMERO: 23/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 11 DE XUÑO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 11 de xuño de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 4 de xuño de 2026 (Reunión 22/2026).
2. Dar conta da oferta presentada por Ángel Calvo Ulloa (NIF: 44089539B) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do servizo de comisariado da 33ª edición da Bienal de Arte de Pontevedra. (Expte.- 2026032947).
3. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025041699).
4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025041699).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004846).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004846).
7. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliables mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de deseño e desenvolvemento de rutas sensoriais para a posta en valor do patrimonio atlántico do proxecto EAPA_0073/2024_AWAVES.". (Expte.- 2026023199).
8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes coa documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para o desenvolvemento do programa "XUVENTUDE A MÁIS", obradoiros de lecer educativo dirixidos a mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2026007434).
9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes coa documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para o desenvolvemento do programa "XUVENTUDE A MÁIS", obradoiros de lecer educativo dirixidos a mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2026007434).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 4 de xuño de 2026 (Reunión 22/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 4 de xuño de 2026 (Reunión 22/2026).

2. Dar conta da oferta presentada por Ángel Calvo Ulloa (NIF: 44089539B) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do servizo de comisariado da 33ª edición da Bienal de Arte de Pontevedra. (Expte.- 2026032947).

Mediante Resolución Presidencial número 2026004127, de data 20 de maio de 2026, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de comisariado da 33ª edición da Bienal de Arte de Pontevedra.

Na mesma resolución acordouse invitar a Ángel Calvo Ulloa (NIF: 44089539-B), a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación da través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o día 22 de maio de 2026.

O licitador Ángel Calvo Ulloa (NIF: 44089539-B) presentou a correspondente proposición e, unha vez examinada a documentación, o empresario resultou admitido no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado, sen IVE	60.339,10 €
IVE (21 %)	12.671,21 €
Importe ofertado, IVE engadido	73.010,31 €

Conforme ao establecido na cláusula 13 da parte xeral do prego administrativo, iniciouse a segunda ronda de negociación convidándolle a presentar, nun prazo non superior a corenta e oito horas, unha oferta nova ou revisada que mellore a primeira nos aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación, e que será a considerada como a oferta definitiva. As proposición presentada terá carácter firme e deberá manterse, en todo caso, ata o prazo máximo de resolución do procedemento. No presente procedemento, o único aspecto obxecto de negociación foi o prezo.

En consecuencia, o licitador Ángel Calvo Ulloa (NIF: 44089539-B), con data 1 de xuño de 2026, ratificou expresamente a oferta inicialmente presentada, que pasa a adquirir, a tenor do exposto, a condición de oferta definitiva.



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Ángel Calvo Ulloa (NIF: 44089539-B), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do *servizo de comisariado da 33ª edición da Bienal de Arte de Pontevedra*.

3. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)". (Expte.-2025041699).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 24 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21 de maio de 2026 procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 9 de xuño de 2026, emitiu un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	17	3	20



NAROM SL	16	3	19
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	16	3	19

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 9 de xuño de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)"*.

4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025041699).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)"*.

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	22
NAROM SL	21
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	17
EXCAVACIONES Y CONSTRUC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	16

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita



obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	1.185.060,81 €	3,00%	36 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	1.255.915,72 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	1.156.542,98 €	3,00%	36 MESES	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,78	5,00	5,00	5,00	34,78
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	0,11	5,00	5,00	5,00	15,11
NAROM, S.L.	26,68	5,00	5,00	5,00	41,68

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)"* que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	19,00	41,68	60,68
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	19,00	34,78	53,78
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	15,11	35,11

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (Concello de Mos)"* á empresa NAROM, S.L., (B36163418) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 1.156.542,98 €

IVE (21%) 242.874,02 €

Importe Total 1.399.417,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, NAROM, S.L., (B36163418) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa NAROM, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares



- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 57.827,15 €

5. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2026004846).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 8 de maio de 2026 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo do centro de atención as personas usuarias da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 8 de maio de 2026 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Balidea Consulting & Programming SL (CIF B15850647)
- SM Tecnología SLU (CIF B70348990)
- Técnicos Asociados Informática SAU (CIF A79054748)



6. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos do centro de atención ás persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004846).*

A Mesa de Contratación, no punto anterior da orde do día desta reunión do 11 de xuño de 2026, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos do centro de atención as persoas usuarias da Deputación de Pontevedra acordando admitir ás seguinte empresas:

- BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING S.L. B15850647
- SM TECNOLOGIA, S.L.U. B70348990
- TECNICOS ASOCIADOS INFORMATICA SAU

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente as ofertas técnicas que serán avaliables mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B”, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

7. *Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliables mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “Servizo de deseño e desenvolvemento de rutas sensoriais para a posta en valor do patrimonio atlántico do proxecto EAPA_0073/2024_AWAVES.”. (Expte.- 2026023199).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial nº 2026004190, de data 22/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de deseño e desenvolvemento de rutas sensoriais para a posta en valor do patrimonio atlántico do proxecto EAPA_0073/2024_AWAVES.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/05/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descifradas e descargadas as ofertas presentadas, a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresa:

- **ARDORA FORMACION Y SERVICIOS, S. COOP. GALEGA (F36527109)**

A continuación a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre “A”, ao persoal técnico do Servizo de Cooperación para que avalíen e ponderen a proposta técnica da empresa, **ARDORA FORMACION Y SERVICIOS, S. COOP. GALEGA** seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

8. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes coa documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo para o desenvolvemento do programa “XUVENTUDE A MÁIS”, obradoiros de lecer educativo dirixidos a mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.-2026007434).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 22-05-2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo para o desenvolvemento do programa Xuventude a Máis, obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra beneficiarios do programa.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 25-05-2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para o desenvolvemento do programa Xuventude a Máis, obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra beneficiarios do programa por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

9. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes coa documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo para o desenvolvemento do programa “XUVENTUDE A MÁIS”, obradoiros de lecer educativo dirixidos a mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2026007434).*

A Presidenta decide retirar o asunto da orde do día ao non presentarse durante o prazo concedido ao efecto ningunha oferta por parte de empresas licitadoras interesadas na adxudicación deste contrato e acordar a Mesa de Contratación, no punto anterior desta reunión do día 11-06-2026, propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para o desenvolvemento do programa “Xuventude a Máis”, obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra beneficiarios do programa.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e catorce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

